

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 7 de febreiro de 2005

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Antonio Coello Bufill
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. José Manuel Couto Pérez
D. Carlos Comesaña Abalde

NON ASISTEN:

D^a. Corina Porro Martínez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día sete de febreiro de dous mil cinco, en segunda convocatoria e baixo a presidencia do primeiro tenente de alcalde, Sr. Figueroa Vila, por ausencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D^a. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Estan presentes, por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, a interventora Sra. Guarner González e o asesor xurídico Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(87).-ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 24 de xaneiro de 2005. Deberá incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(88).- PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE AXUDA NO FOGAR. ALTA EXPTE:12/927, 23/515, 1/366, 22/1177, 4/862.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados polo concelleiro-delegado do Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda concede-la prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- Dna. Josefina Casal Lois. Expte 12/0927

- Dna. Carmen Asilda González López. Expte 23/515
- Dna. Laura Meira Lemos. Expte. 1/366
- Dna. Delia Leitos David. Expte. 22/1177
- Dna. Regina Grandal Vázquez. Expte 4/862

3(89).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE EDUCADORES FAMILIARES. EXPTE.11257/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 26.01.05, conformado polo xefe de Sector de Acción Social e o concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar ao Concelleiro – Delegado da Área de Asuntos Sociais para formular a solicitude de petición de subvención polo importe de 256.667 € ante a Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado para o financiamento do programa de educadores familiares.

2º.- Comprometerse expresamente a efectuar como mínimo o gasto de 366.667 €, que figuran no programa 3130, partida 226.08.06, do orzamento de 2005, aprobado inicialmente en sesión plenaria realizada o día 14 de xaneiro de 2005.

3º.- Aceptar íntegramente as condicións e requisitos que sinala a Orde de 30 de decembro de 2004, da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado (DOG 10/01/2005).

4(90).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DA TRABALLADORA SOCIAL DA OFICINA DE EMIGRACIÓN, Mª JESUS LAGO VILABOA, DE ASISTENCIA OA II MASTER DE EMIGRACIÓN E RETORNO. EXPTE.11247/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Sección de Planificación de Servizos Sociais, do 1.02.05, conformado polo concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Autorizar a D Mª Jesús Lago Vilaboa a matricularse no II master de emigración e retorno na modalidade de “a distancia “ polo que non solicita dispensa horaria .

2º.- Autorizar a Dª. Mª Jesús Lago Vilaboa para percibir o 50% do importe da matrícula que ascende a un total de 1.350 € que se aboará mediante un libramento a xustificar co aboamento da matrícula .

5(91).- DAR CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DOS EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL NO MES DE DECEMBRO DE 2004.

Mediante escrito de data 28.01.05 o concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, en cumprimento coa base 31ª das de execución do presuposto en vigo, dá conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Benestaar Social durante o mes de decembro de 2004 e que son os seguintes:

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	NºOPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
01/11/04	MANTEMENTO UBAS	2120000	200400058621	5.680,89	PLYGEPE
13/12/04	MANTEMENTO UBAS	2120000	200400058863	1.955,56	PLYGEPE
13-12-04	MANTEMENTO LOCAL INMIGRACIÓN	2120001	200400059540	11870,00	PLYGEPE
15-12-04	GASTOS FRANQUEO DE CORRESPO	2200100	200400060781	600,00	CORREOS
07-12-04	PLENO INFANTIL	2260200	200400058576	5.440,06	VARIOS
03-12-04	PUBLICIDAD CITA PREVIA	2260200	200400058651	6.251,24	VARIOS
08-11-04	ALMORZOS PER. MAIORES NA UNIVERSIDADE	2260804	200400053421	1.320,00	VARIOS
03-12-04	EQUIPOS INFORMATICOS PROG. SOCIALES	6260000	200400058748	5.801,35	PC COSTE
11-11-04	MOBILIARIO PROGRAMAS SOCIALES	6250000	200400054072	2.140,00	NEA-GATSA, S.L.
17-11-04	MOBILIARIO PROGRAMA SOCIALES	6250000	200400055011	7.359,98	ISQUITINO MARTINEZ S.A.

A Xunta de Goberno local queda enterada.

6(92).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E SERVICIOS HÍPICOS HIPIGAL S.L. PARA O CONCURSO HÍPICO INTERNACIONAL DE SALTOS DE VIGO (COPA DO MUNDO DE HÍPICA). EXPTE.5117/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 21.01.05 e de acordo co informe-proposta do director deportivo do 21.01.05, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Autorizar a organización do Concurso Hípico de Salto –Copa do Mundo- 2005, que vai a ser organizado por Servicios Hípicos Hipigal, e que se vai desenvolver ós 11 ó 13 de febreiro de 2005.

2º.- Aprobar o texto do convenio, que de seguido se transcribe, para o desenvolvemento do evento entre o Concello de Vigo e Servicios Hípicos Hipigal.

3º.- Aprobar o gasto de 150.000 € a favor da entidade Servicios Hípicos Hipigal, S.L. con CIF nº B-36873354 con enderezo en Roade, 72 de Vigo CP 36208, a conta para o aboamento é a c/c 2091 0511 35 3040028470. Se fará o pagamento desde importe (150.000 €) coa Certificación dun técnico de deportes sobre o desenvolvemento da actividade e cumprimento do convenio, así como a presentación das facturas orixinais por parte de Servicios Hípicos Hipigal, ata completar a cantidade de 150.000 €.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E “SERVICIOS HÍPICOS HIPIGAL. S.L.” PARA O CONCURSO HÍPICO INTERNACIONAL DE SALTOS DE VIGO (COPA DO MUNDO DE HIPICA), QUE CELEBRARASE DO 11-13 DE FEBREIRO DE 2005.

No Concello de Vigo, a de do 2.005

Dunha parte: A Excm. Sra. Dna. Corina Porro Martinez, Alcaldesa de Vigo

Doutra parte: D. Manuel María Fernández de Sousa-Faro, en nome e representación da sociedade “Servicios Hípicos Hipigal, S.L.”

Ámbalas dúas partes recoñcese mutuamente con capacidade e competencia para formalizar o presente convenio.

EXPOÑEN:

Que en aras do interese Deportivo e social que para a cidade de Vigo ten a realización dos Concursos Hípicos Internacionais que con grande éxito vense celebrando dende principios de século, o Excmo. Concello de Vigo e a Entidade “Servicios Hípicos Hipigal, S.A.” conveñen a realización do mesmo durante os vindeiros días 11,12 e 13, de febreiro do 2005 nos seguintes termos:

ESTIPULACIÓNS:

PRIMEIRA: O Excmo. Concello de Vigo comprométese a:

1.1.- Autorizar a organización e ceder os dereitos do Concurso Hípico Internacional de Vigo a “Servicios Hípicos Hipigal, S.A.” para a celebración do mesmo os días 11,12,13 de Febreiro do 2005

1.2.- Colaborar na xestión coa Fundación IFEVI do recinto Ferial de Cotogrande a cesión das instalacións do mesmo recinto Ferial para a celebración do Concurso Hípico –Copa do Mundo- do ano 2005, durante as datas necesarias para as labores de preparación, celebración e desmontade de tódolos requisitos do concurso hípico.

1.3.-Aboar a “Servicios Hípicos Hipigal, S.L.” os gastos relacionadas coa adaptación do recinto ferial relacionados coa instalación, montaxe e o desenvolvemento do concurso hípico por unha cantidade de 150.000€ con cargo á partida 4521.4700001 da Concellería de deportes do vixente presuposto.

O importe aboarase coa certificación e presentación de facturas orixinais ata completar a totalidade da cantidade prevista no presente convenio unha vez rematado o evento.

SEGUNDA.- “Servicios Hípicos Hipigal, S.L.” asume as seguintes obrigas:

2.1.-Organizar o Concurso Hípico de Saltos Internacional nas datas do 11,12 e 13 de Febreiro do 2005.

2.2.-Xestionar a explotación dunha área para o servicios de bares e cafeterías, dentro do recinto ferial como complemento e servicio o publico asistente o concurso hípico.

2.3.-Asumir o compromiso asignado coa Fundación IFEVI, xestora do Recinto Ferial, sobre a utilización do recinto Ferial de Cotogrande.

2.4.-Asumir as responsabilidades derivadas da organización do evento, cubrindo unha póliza de responsabilidade civil.

2.5.-Facilitar o acceso a persoas con minusvalías físicas o Recinto Ferial tendo en conta a gratuidade para dito colectivo.

2.6.-Tódolos medios de promoción e difusión, deberán empregar o galego como idioma cooficial do Concurso Hípico.

TERCEIRA: O seguimento da execución do presente convenio será realizado pola Concellería de Deportes do Excmo. Concello de Vigo, compromentendose “Servicios Hípicos Hipigal, S.L.” a xustificar debidamente ante as mesmas os gastos efectuados para a realización do referido Concurso Hípico Internacional –Copa do Mundo-.

A Concellería de Deportes, aportará os medios necesarios para a coordinación das necesidades derivadas do cumprimento do presente convenio, así como o seguimento das tarefas de organización.

A Concelleira de Deportes queda facultado para solucionar as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio.

CUARTA O prazo do convenio será única e exclusivamente para a realización do Concurso Hipico Internacional de Saltos de Vigo – Copa do Mundo- 2005

QUINTO Así mesmo acordan que tódolos ingresos derivados de: venda de entradas, apostas, matriculas, alugamentos, así como calquera outro ingreso proveniente do referido Concurso Hípico, serán percibidos en beneficio de “Servicios Hípicos Hipigal, S.L.” para sufragar os gastos do concurso e como compensación os servicios prestados o Excmo. Concello de Vigo, sen que teña nada que reclamar por ningún concepto.

Así o conveñen no lugar e data no encabezamento expresados e asinan por duplicado o presente documento.

7(93).- SOLICITUDE DA FEDERACIÓN GALEGA DE DEPORTES PARA MINUSVÁLIDOS PSÍQUICOS DE AUTORIZACIÓN PARA CELEBRAR O CAMPIONATO GALEGO DE CAMPO A TRAVES 2005, O 16 DE FEBREIRO EN CASTRELOS. EXPTE.5125/333

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 28.01.05, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar á Federación Galega de Deportes para Minusválidos Psíquicos, (FEGADEMPS), a celebrar o vindeiro día 16 de febreiro de 2005 o Campionato Galego de Campo a Través 2005 que terá lugar no Parque de Castrelos entre as 09:30 h. e as 14:00 h.

8(94).- PROXECTO “ESCOLA OBRADOIRO MAR DE VIGO III”.EXPTE.3001/077.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do 1.02.05, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

A elevada taxa de desemprego que soporta a poboación de Vigo, que supón aproximadamente o 40% do paro provincial, afecta especialmente o segmento da poboación activa menor de 25 anos. Mediante o programa público de escolas obradoiro e casas de oficios acométese esta problemática. Por isto, a Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, consciente de que pola súa dimensión pode soportar un maior número de proxectos destas características, quere promover, na liña dos proxectos promovidos ata hoxe (escolas obradoiro “Patrimonio histórico”, “Lagares”, “Forestal”, “Xardín Histórico de Castrelos”, “Mar de Vigo” -I e II- e obradoiro de emprego “Vigozoo” -I e II-), un novo proxecto que dea continuidade á exitosa experiencia das escolas obradoiro “Mar de Vigo I e II”, con especialidades de profesións relacionadas coa actividade marítima, de tanta importancia na nosa cidade, que complementa a oferta existente. De feito, o proxecto que agora se presenta, responde á necesidade de adaptar os sectores relativos á explotación dos recursos marítimos, hoxe en crise, ás novas tendencias dos mercados e ás novas formas de vida da sociedade. A celebración da saída da Volvo Ocean Race dende a ría de Vigo en novembro de 2005 confirma a boa posición competitiva de Vigo neste ámbito.

As previsións de xeración de emprego nos sectores relacionados coa utilización turístico-recreativa do mar, xunto con aqueles directa ou indirectamente relacionados coa recuperación de parte do noso patrimonio marítimo, levaron a este Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, en estreita colaboración co persoal da actual escola obradoiro “Mar de Vigo II” e coa Unidade de Promoción e Desenvolvemento (UPD) da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, a redactar o presente proxecto “Escola obradoiro Mar de Vigo III” e a tramitar a súa correspondente aprobación polos órganos municipais competentes.

O proxecto consiste nunha escola taller de 45 alumnos/as repartidos/as nas especialidades de “Carpintería de ribeira”, “Novas técnicas de construción naval” e “Actividades náuticas”. Os obxectivos que se pretenden coa

posta en marcha deste proxecto son varios e ambiciosos, como se recolle no proxecto técnico que se inclúe no expediente, pero pódense sintetizar en dous fundamentais:

- por unha banda, e mediante a construción de embarcacións tradicionais en madeira, dinamizar o sector da navegación en embarcacións tradicionais, recuperando a memoria histórica á vez que unha profesión de enorme proxección laboral (a carpintería de ribeira), con gran potencialidade turística e valor etnográfico, de promoción e de lecer.
- pola outra, mediante a formación dos/as alumnos-traballadores/as nas correspondentes especialidades, incidir na utilización alternativa do recurso mar, construíndo embarcacións de uso deportivo con novos materiais, elaborando programas de dinamización deportiva, profesionalizando a utilización das instalacións deportivas, etc.

A duración da “Escola Obradoiro Mar de Vigo III” está establecida en 18 meses e a data prevista de inicio en xuño do ano 2005. Para o seu desenvolvemento, actualmente a Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego mantén, en réxime de aluguer, unhas instalacións convenientemente equipadas para este fin, nun lugar con accesibilidade directa ao mar (Estrada do Vao, en Coruxo), requisito imprescindible para a realización das diferentes actuacións que o proxecto ten previstas.

A subvención económica solicitada á Consellaría de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais da Xunta de Galicia representa un total de 823.664,56 euros, resultante dos cálculos efectuados seguindo as directrices establecidas na normativa que regula o Programa de Escolas obradoiro e Casas de oficios e que permitirán soportar os custos salariais de tódalas contratacións a realizar, así como os gastos de medios didácticos e materiais funxibles necesarios para o desenvolvemento do proxecto. A aportación municipal para facer fronte aos investimentos non imputables á subvención da Consellaría de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais (mobiliario, maquinaria e equipos, así como o financiamento dos materiais e actividades das obras a realizar) estímase en 130.9000 euros, e deberá ser incluída nas correspondentes partidas municipais do ano 2006 dos presupostos municipais, xa que a obra se iniciaría, de ser aprobado o proxecto pola Xunta de Galicia nos termos nos que se presenta esta proposta, no ano 2006 (inicio da 2ª fase).

Por todo o anteriormente exposto, e de acordo co proxecto que se inclúe no expediente, PROPONSE á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

1. Aprobar o proxecto denominado “Escola Obradoiro Mar de Vigo III”, elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo en colaboración coa Unidade de Promoción e Desenvolvemento (UPD) da MAIV.
2. Solicitar á Consellaría de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na normativa que regula o Programa de Escolas obradoiro e Casas de oficios.
3. Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle podan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos presupostos municipais do ano 2006, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

9(95).- XESTIÓN DIRECTA POLOS CONSELLOS ESCOLARES DO PRESUPOSTO MUNICIPAL DE MANTENEMENTO ORDINARIO DOS CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DE VIGO PARA O ANO 2005. EXPTE 6484/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o documento contable acreditativo da existencia de saldo para o gasto que se propón e de acordo co informe proposta da xefa do Servizo de Educación, do 17.01.05, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Destina-la cantidade de 339.521,75 (TRESCENTOS TRINTA E NOVE MIL CINCOCENTOS VINTEUN EUROS CON SETENTA E CINCO CENTIMOS para o ano 2005, para ser xestionada directamente polos consellos escolares de cada centro público de educación infantil e primaria, para atender as reparacións ordinarias dos mesmos:

- alarmas
- xardinería
- limpeza non contratada
- baleirado de fosas
- carpintería
- fontanería
- pintura
- soldadura
- albanelería
- limpeza de depósitos de auga, etc.

En xeral, todos os traballos de mantemento dos centros que non precisen de proxecto técnico, consonte coas consideracións que se especifican *no punto 5* desta proposta.

SEGUNDO.- Esta cantidade distribuirase en cada colexio seguindo o procedemento que se indica no apartado 7) desta proposta e que queda reflectido no cadro anexo no expediente.

TERCEIRO.- O Concello entregará á dirección de cada colexio a cantidade asignada en dúas partes iguais. A primeira no mes de MARZO; e a segunda e última no mes de XULLO.

A fin de comprobar que o gasto efectuado corresponde ó capítulo de mantemento dos colexios, e non a outro, o Concello poderá solicita-la pertinente certificación do consello escolar de centro cando sexa necesario.

De tódolos xeitos, cada consello escolar deberá presentar no Departamento de Educación Municipal, a xustificación dos gastos efectuados, xunto coa certificación da súa aprobación polo citado órgano colexiado. Esta certificación deberá recibirse no Departamento de Educación dentro da primeira quincena do mes de xaneiro de cada ano.

É necesario suliñar que na Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro, de Calidade da Educación, no Art. 70 di: “os centros públicos... disporán de autonomía na súa xestión económica, dacordo co establecido na lexislación vixente” e no Art. 82, f e g, di: “ O Consello Escolar do centro terá as seguintes atribucións: ... f) Aprobar o proxecto do orzamento do centro e liquidación. G) Promover a conservación e renovación das instalacións e equipo escolar.”

A tal efecto farase, polo menos, unha reunión específica da comisión económica na última quincena do mes de decembro para preparar para o consello escolar a xustificación e facturas dos gastos de autoxestión.

CUARTO.- As contías entregadas destinaranse ó mantemento ordinario e mantemento preventivo, tanto no referido á merca dos materiais necesarios (cristais, bombillas, peches, apliques...), como ó pagamento das facturas por man de obra e servicios.

QUINTO.-

- a) Prohíbese expresamente, baixo a responsabilidade da dirección do centro, a realización de obras de mellora, reforma ou ampliación que suporían modificación na distribución da estrutura dos edificios, así como aquelas *reparacións que afecten ás instalacións da calefacción central, gas e instalacións eléctricas* e as que poidan supoñer ponteio, modificación ou sobrecarga das liñas ou demais elementos. Sen embargo, a substitución de elementos eléctricos como bombillas, lámparas, cebadores, resistencias, etc., sí que entran no concepto de AUTOXESTIÓN e deberán ser realizados polo centro en cuestión.
- b) A partires da data de efectividade deste acordo non se admitirá por parte dos servicios municipais ningunha proposta de actuación dos mesmos, nin gastos algúns que se atopen incluídos nos autorizados a realizar directamente polos directores/as dos centros. Todas as reparacións a efectuar nos colexios que non poidan ser comprendidas nos termos deste acordo, deberán ser solicitadas por escrito ó Departamento de Educación, que actuará, asimesmo, en caso de emerxencias, ou grandes avarías (a lei define claramente cales son as emerxencias e as grandes avarías), así como nos casos nos que os colexios non teñen recursos suficientes para afrontalos cunha programación plurianual e por fases.
- c) O Concello resérvase a capacidade de rescindir unilateralmente este acordo cun colexio determinado, no caso de incumprimento dalgún dos seus apartados.
- d) O mantemento e operatividade do sistema de alarmas en perfecto funcionamento é responsabilidade do centro, incluso nos casos nos que se queimen por tormentas ou noutras circunstancias extraordinarias semellantes.
- e) O mantemento de pararraios onde os haxa.

SEXTO.- Dada as diferencias que existen entre uns colexios e outros, a fin de evitar un progresivo distanciamento da calidade entre os centros, controlarase estrictamente o uso das cantidades asignadas.

Este control realizarase por medio do persoal técnico do Departamento de Educación e polos mecanismos propios da intervención municipal e os procedementos ordinarios de inspección de contas previstos na lexislación vixente.

SÉTIMO.- Para a distribución do presuposto xeral previsto, de acordo coa proposta do órgano de representación dos/das directores/as de todos os colexios públicos de Vigo, asignarase a cada colexio un número de puntos, resultante da aplicación do seguinte

BAREMO:

* por cada unidade escolar	15 puntos
* por cada 50 alumnos/as ou fracción	15 puntos
* antigüidade: por cada ano (sen límite).....	2 puntos
* por cada 1.000 m2. de superficie do recinto escolar	5 puntos
* por non ter porteiro	40 puntos
* por ter porteiro que presta servizo noutro servizo mpal....	20 puntos
* por ter servizo de comedor (sobre situación ano 2003)	20 puntos
* ximnasio en edificio aparte	20 puntos
* Colexios Plan Urgencia (Rf)	30 puntos

OITAVO.- O mantemento das vivendas dos porteiros-vixiantes non está incluído na autoxestión.

NOVENO.- Fíxase unha compensación económica equivalente a 40 puntos, a maiores da autoxestión, para compensar as baixas de máis de seis meses dos porteiros-vixilantes, previa petición escrita do centro antes do 31 de decembro do ano no que aquela se producise.

DECIMO.- En atención ás especiais características do Centro de Educación Permanente de Adultos/as non son de aplicación as puntuacións:

-por terreos.

-por alumnado: neste caso puntuarase con 15 puntos cada cen alumnos ou fracción.

DECIMO –PRIMEIRO.-

As reclamacións terán efecto no ano seguinte e deberán solicitarse ao Servizo de Educación mediante escrito e xustificantes.

DECIMO SEGUNDO.-

O Servizo de Educación cursará as órdenes oportunas á Intervención para o ingreso das cantidades correspondentes a cada colexio acollido ó sistema de AUTOXESTIÓN.-

10(96).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE INSTALACIÓNS, LIMPEZA, MANTEMENTO DE CONTEDORES E PAPELEIRAS DENTRO DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE 16687/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 5.11.04, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación do 21.10.04, conformado polo xefe de Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio e Contratación, que di o seguinte:

D. Carlos Callejo García, en nome e representación da empresa Contenur, en escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello, nº doc 30089522, solicita, como adxudicatario do contrato de servizo de “instalación, limpeza e mantemento de contenedores e papeleras dentro de termo municipal de Vigo, a revisión de prezos do mesmo, para a anualidade setembro de 2003/setembro 2004.

A revisión solicitada consta de dúas partes, por un lado a revisión ordinaria de prezos e por outro, a revisión extraordinaria de dito prezo contractual, motivada, esta última, polo incremento no número de unidades de contenización producido posteriormente á adxudicación do contrato.

Ambalas dúas revisión, están previstas no prego de cláusulas administrativas que rexeu a contratación, así na cláusula VI deste, na que se recolle os supostos que darían lugar a mesma, manifesta textualmente:

“ A) revisión Ordinaria:

1a) A revisión do prezo do contrato terá carácter anual.

1b) A revisión Ordinaria do contrato efectuarase conforme ás variacións que experimente o IPC (Índice de Prezos ao Consumo no conxunto Nacional), en cada período anual contractual, a partir da data que proceda segundo precepto citado.

B) Revisión extraordinaria:

O contratista terá dereito a revisións extraordinarias do prezo contractual no suposto de que o valor dos elementos instalados coa conformidade do Concello, segundo os prezos ofertados polo adxudicatario para cada un dos elementos que integran a oferta, supere nun 5%, como mínimo, ao dos instalados inicialmente, ou dos que se tiveran en conta para a última revisión ordinaria”.

En relación a revisión extraordinaria prevista para o prezo contractual, é de mencionar, que o retraso na tramitación do presente expediente, foi debida ao feito de acreditar a procedencia da mesma, xa que, como se desprende do apartado anterior, e según consta na documentación que contén o presente expediente, neste servizo de Patrimonio e Contratación, recibíuse a última documentación solicitada ao servizo de limpeza o pasado mércores 13 de outubro.

Unha vez feita a aclaración anterior, nos informes emitidos polo Xefe do servizo de limpeza, confirma o aumento no número de unidades de colectores ampliados e instalados perante o ano 2003, dos que a empresa solicita o seu pago, ascendendo tal ampliación a cantidade de 137.010,75 euros, que dado que supera o 5% do importe do prezo adxudicado, enténdese que procede a aplicación de tal revisión extraordinaria.

Con respecto o primeir apartado, é decir, a revisión ordinaria do contrato, calcularase mediante a aplicación do IPC o prezo contractual da adxudicación (1.911.662,03 euros) mais o importe da ampliación das novas instalacións que se foron producindo o longo do periodo a revisar (137.010,75 euros).

Segundo o anterior , dado que o contrato, segundo o previsto na cláusula 5 do contrato administrativo asinado o 30 de setembro de 2004, comenzo o 1 de outubro de 2002, o índice de prezos a aplicar será o de setembro de 2002/setembro de 2003, que segundo datos facilitados polo Instituto Nacional de estatística foi do 2,9%, que aplicado a totalidade do prezo contractual a revisar – 2.048.672,78 euros/ano, resulta o prezo que rexerá a partir do 1 de outubro de 2003, ascendendo éste a cantidade de 2.108.084,29 euros/ano.

Polo exposto anteriormente, previo informe da Intervención Xeral, proponse á Xunta Local de Goberno deste Concello, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobación da revisión extraordinaria do prezo do contrato de instalación, limpeza e mantemento de contenedores e papeleras do Concello de Vigo, adxudicado a empresa Contenur polo Pleno deste Concello, en sesión celebrada o 29 de xullo de 2002, incrementando o prezo contractual de adxudicación (1.844.989,82) no importe de dita ampliación (137010,75) .

2º.- Aprobación da revisión ordinaria do prezo do contrato de instalación, limpeza e mantemento de contenedores e papeleras do termo municipal de Vigo fixando o mesmo, a partir do 1 de xaneiro de 2004, na cantidade de 2.108.084,29 euros/ano.

3.- Calquera nova colocación, substitución ou retirada de elementos de contenerización ou papeleras, deberá conter proposta do Xefe do servizo de Limpeza, xustificando as novas instalacións e autorizadas por Decreto do Concelleiro Delegado do servizo, dando conta, trimestralmente, á Xunta Local de Goberno de ditas modificacións, para a súa ratificación.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

11(97).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DE SANEAMENTO DE VIGO APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO DE 10.01.05. EXPTE. 498/241.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 3.02.05, conformado polo concelleiro da Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local na sesión de 10 de xaneiro de 2005 aprobou o prego de condicións para a contratación das obras de mellora de saneamento en Vigo que incluía a execución de dous proxectos.

Na cláusula 6 do prego de cláusulas administrativas esixíase para participar na licitación do lote 1 a seguinte clasificación: Grupo I, subgrupo 7, categoría d; Grupo I, subgrupo 8, categoría d e Grupo I, subgrupo 9, categoría e.

Por un erro a categoría esixida para o Grupo I, Subgrupo 9 era a “e” cando en realidade tiña que ser a “d”.

A vista das anteriores circunstancias proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Modificar a cláusula 6 do prego de cláusulas administrativas para a contratación das obras de mellora de saneamento en Vigo que foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 10-01-2005 que quedará redactada da forma seguinte:

“6.- CLASIFICACION DO CONTRATISTA.

Lote 1: Grupo I, subgrupo 7, categoría d; Grupo I, subgrupo 8, categoría d e Grupo I, subgrupo 9, categoría d.

Lote 2: Grupo E, subgrupo 1, categoría f”.

2º.- Inxerir anuncio no BOP de Pontevedra e no Diario Oficial de Galicia dando conta de esta modificación e fixando como data de finalización do prazo para presentar as ofertas o día 04-03-2005.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

12(98).- INFORME SOBRE O VENCEMENTO DA MARCA “OPCIÓN VIGO”. PROPOSTA DE NON RENOVACIÓN. EXPTE.545/241.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 25.01.05, conformado polo concelleiro da Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

A empresa Ungría Patentes y Marcas, S.A. ten encomendada a xestión da obtención de títulos de propiedade de diversas marcas deste Concello de Vigo, así como a vixilancia dos correspondentes expedientes. Por iso remiten escritos nos que lembran que para manter vixente o rexistro da marca número 1.165.239 “OPCION VIGO” e gráfico, en clase 25, é indispensable o aboamento na Oficina Española de Patentes y Marcas o cuarto quinquenio.

O Concello ten rexistrada a denominación “Opción Vigo” tamen en clases 6, 16, 35, 37, 38, 39, 41 e 42. Por parte do negociado de Contratación foi solicitado informe sobre a utilización destas marcas ás oficinas municipais de animación Sociocultural e Festas, Xuventude, Cultura e Turismo. O non ter resposta ó mesmo enténdese que non interesa o seu mantemento, máxime cando protexe un logotipo que non se utiliza nin se observa que apareza en publicacións nas que colabora o Concello.

Polo exposto, e se o estima a Xunta de Goberno Local, proponse a adopción do seguinte acordo:

Comunicar á empresa Ungría Patentes y Marcas, SA. a resolución deste Concello de Vigo de non renovar as marcas “OPCION VIGO” números 1.165.237, 1.165.238, 1.165.239, 1.165.240, 1.165.241, 1.165.242, 1.165.243, 1.165.244 e 1.165.245, toda vez que non son utilizadas polo Concello.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

13(99).- RECLAMACIÓN DE DANOS:

a) ISOLDE REIMERS LANG.EXPTE.15414/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposita da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 9.12.04, en relación coa reclamación de Dna. Isolde Reimers Lang por danos persoais sufridos nunha caída debido o mal estado da beirarrúa na rúa García Barbón, visto o dictame favorable do Consello Consultivo de Galicia do 20.01.05 e de acordo co informe-proposita da devandita técnica do 26.01.05, conformado polo xefe de Réxime Interior, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Desestimar a reclamación de dona Isolde Reimers Lang por non corresponder ao Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, por non resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público.

2º.- Así mesmo, comunicar o acordo ó Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no artigo (33-1-i) do devandito Regulamento”

b) JOSEFA GONZÁLEZ FERNANDEZ. EXPTE.15320/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposita da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 13.12.04, en relación coa reclamación de Dna. Josefa González Fernández por danos persoais a consecuencia dunha caída provocada por unhas lousetas mal colocadas á altura do nº 87 da rúa Aragón, visto o informe favorable do Consello Consultivo de Galicia do 20.01.05 e de acordo co informe-proposita da devandita técnica do 26.01.05, conformado polo xefe de Réxime Interior, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Desestimar a reclamación de dona Josefa González Fernández por non corresponder ao Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, por non resultaren convenientemente probados nin os feitos nin o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público.

2º.- Así mesmo, comunicar o acordo ó Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no artigo (33-1-i) do devandito Regulamento.

14(100).- PROPOSTA PARA A IMPLANTACIÓN DUNHA CAMPAÑA DE DESRATIZACIÓN DURANTE O ANO 2005 QUE REALIZARÁ O PERSOAL MUNICIPAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN. EXPTE. 15563/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 27.01.05, dáse conta da proposta do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, do 24.01.05, que di o seguinte:

A iniciativa do Sr. Director do Laboratorio Municipal coa conformidade do concelleiro-delegado da área de Asuntos Sociais, propónse á Xunta de Goberno Local a aprobación dunha campaña de desratización do termo municipal de Vigo para o presente ano 2005 e que sería acometida directamente polo propio persoal adscrito ó Servizo de Desinfección, coa colaboración de dous oficiais conductores adscritos ó Parque Móbil municipal.

Para que a referida actuación poida executarse correctamente, resulta necesaria a realización dunha serie de servizos fora da xornada habitual de traballo, o que ven xustificado non só por razóns de índole técnica, xa que se requiren intervencións continuas tanto pola noite como nos días festivos, senón tamén pola insuficiente dotación de persoal, que non permitiría a posibilidade de gratificar ditos servizos con descansos compensatorios, sendo por outra banda imposible compatibilizar este traballo extraordinario coas tarefas habituais que demanda constantemente o servizo durante a súa xornada normal.

Así mesmo, resulta constatado que a realización deste servizo pola propia Administración, supón un importante aforro fronte a unha contratación administrativa externa tal e como se acredita no informe da xefatura do servizo de data 8 de abril de 2002, 31 de marzo de 2003 e 17 de xaneiro pasado, incorporados ó expediente.

Cumpre salientar que idéntica campaña realizouse entre os meses de maio á agosto do pasado ano cuns resultados altamente satisfactorios.

As horas a realizar polo citado equipo ascendería a 1.372, cun custo total de 8.609,36 €, ó que habería que engadir un total de 1.927,80 € en concepto de recargo por festividade e 4.284,00 € como recargo por nocturnidade, o que importaría un total de 14.821,16 € en concepto de gratificacións por servizos especiais e extraordinarios.

Así mesmo, as vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo, aprobadas polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión de 14 de xaneiro do ano 2003, prorrogadas para o presente exercicio, en concreto a Instrucción 3ª.h) establece que “con cargo ó complemento de produtividade aboarase a actividade extraordinaria pola realización de campañas de desinfección, desinsectación, etc., do Laboratorio municipal cando por necesidades do servizo fose necesario acometer anualmente algunha actuación extraordinaria fora da xornada normal de traballo, que serva para recompensa-lo esforzo, dedicación e rendemento esixido para a correcta implantación da mesma e, que será compatible co valor do prezo da hora de traballo, e que en todo caso requerirá dun informe motivado da Xefatura do Servizo acreditativo de que o custe da campaña extraordinaria con cargo ás partidas de gratificacións e produtividade supón fronte a unha eventual contratación externa en atención ós prezos de mercado, sen prexuízo dos debidos informes referidos ó rendemento individual do traballador, sendo a regulación pormenorizada deste tipo de programas (importe máximo para o colectivo, periodicidade do abonamento, duración, número de traballadores afectados, criterios de asignación, etc) competencia da Comisión de Goberno (na actualidade da Xunta de Goberno Local).

Consecuentemente, resulta oportuno establecer un xusto réxime de compensación económica que lle retribúa ó traballador non só o valor das horas en exceso a realizar por enriba da xornada ordinaria, tal e como prevé a Disposición transitoria 7ª do Acordo regulador vixente, senón que gratifique tamén o especial rendemento,

dedicación e iniciativa do traballador á hora de desenvolver ditos traballos, toda vez que vai ter que afrontar un plus de penosidade engadido ás súas condicións normais de traballo ó quedar a libre disposición do servizo para o establecemento das xornadas que demande o propio programa de desratización.

Por todo o exposto, este concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal considera a conveniencia de someter á consideración da Xunta de Goberno Local a proposta que a continuación se transcribe para que no uso das competencias resolutorias que actualmente ten delegadas pola Alcaldía-Presidencia adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o establecemento dunha campaña ordinaria de desratización no termo municipal de Vigo para o ano 2005, a realizar polo propio persoal municipal do servizo de desinfección, co apoio de dos oficiais conductores do Parque Móbil, cunha duración prevista dende o 17 de abril ata 31 de xullo do presente ano.

Segundo.- Aprobr lo establecemento dun complemento de produtividade por un importe global de 6.600,00 € (5.396,00 € para o persoal adscrito ó Servizo de Desinfección e 1.264,00 € para o persoal do Parque Móbil) que será repartido equitativamente entre o persoal que voluntariamente participe na referida campaña, na proporción que resulte segundo os días traballados por cada empregado.

A percepción do dito complemento quedará supeditada ó informe da xefatura do Laboratorio municipal no que se acredite a correcta prestación dos servizos extraordinarios que implica o desenvolvemento da campaña, e no que se informe favorablemente a dedicación e rendemento dos traballadores do servizo, non orixinando o seu abono ningún tipo de dereito individual respecto a valoracións de apreciacións correspondentes a sucesivos períodos.

O anterior complemento retributivo establécese sen prexuízo dos recargos que lle corresponda percibir ó traballador pola realización dos servizos extraordinarios, en aplicación do propio Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ó servizo do Concello de Vigo, aprobado en sesión plenaria do 28 de decembro de 1998, previstos nos arts. 10 (nocturnidade e festividade) e na disposición transitoria 7ª, regra 3ª.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

15(101).-BASES DO CONCURSO DE TRASLADOS PARA A COBERTURA DUN POSTO DE TÉCNICO MEDIO DE SERVIZOS ECONÓMICOS. EXPTE. 100506/140.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe favorable de Intervención Xeral do 28.01.05 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal do 20.01.05, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro : Acorda-la modificación puntual das determinacións do posto de traballo que a continuación se identifica, reflectidas na vixente Relación de postos de traballo do Concello de Vigo, publicada no B.O.P. de 11 de xullo de 2003, quedando configurado baixo as seguintes características :

Técnico medio servicios económicos :

Nivel de Complemento de destino. : 25

Grupo: B

Escala: Administración especial.

Subescala : indistinta

Titulación: diplomatura en cc. Económicas, Empresariais o Dereito .

Sit.: vacante

Servicio: Intervención xeral

Forma de provisión : Concurso traslados aberto a outras administracións.

Segundo.- Aproba-las bases que rexirán a cobertura , por concurso de traslados, do posto de traballo anteriormente indicado:

Terceiro: Condicións dos aspirantes :

Poderán concorrer a ela os/as funcionarios/as de carreira das distintas Administracións públicas, calquera que fose a súa situación administrativa, encadrados tanto no ámbito de aplicación da Lei 30/84, de medidas para a reforma da función pública, como no ámbito de aplicación da lei autonómica 4/88 da función pública de Galicia, sempre que reúnan as condicións de desempeño anteriormente referenciadas á data en que remate o prazo de presentación de instancias, agás os suspensos en firme, que non poderán participar en tanto dure a suspensión.

Ós efectos anteriormente indicados, os funcionarios participantes deberán igualmente acreditar a permanencia de dous anos continuados no seu ultimo posto de destino definitivo.

Cuarto: Presentación de instancias .

As solicitudes para participar na presente convocatoria presentaránse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou nas oficinas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/92 de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, no prazo de 15 días hábiles a partir do seguinte a aquel no que apareza a publicación desta convocatoria e das suas Bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Quinto : Baremo para puntuación dos méritos

A) Méritos xerais:

1. Antigüidade.

Por cada ano ou fracción de servicios prestados na administración pública, e os recoñecidos con anterioridade á adquisición da condición de funcionarios de carreira, 0,10 puntos, ata un máximo de 4.

2. Valoración do traballo desenvolto no posto ofertado ou noutros de similar natureza segundo o contido técnico e especialización requeridos para o desempeño daquel:

Avaliarase dous puntos sempre que se acredite un ano completo de servicio, engadíndose outro punto por cada ano completo traballado ata un máximo de 8, debendo en calquera caso achegarse certificado acreditativo da adscripción e tempo de permanencia nos postos de traballo que pretendan alegarse como mérito.

Asemade, deberá achegarse informe dos respectivos centros de traballo, descriptivo das funcións e cometidos propios do posto de adscripción.

3. Grao persoal consolidado.

- 0 mesmo ou superior ó do posto a que se aspira: 3 puntos.
- Un nivel inferior: 2 puntos
- Dous niveis inferiores ou menos: 1,5 puntos.
- Tres niveis inferiores ou menos: 1 punto.

4. Cursos de formación e perfeccionamento

So se terán en conta os cursos que estean relacionados coas funcións do posto ó que se aspira nos que o certificado de asistencia sexa expedido por un organismo oficial, centro homologado para impartilos ou colexio profesional, os cursos oficiais derivados do cumprimento dos acordos MAP-Sindicatos e FEMP-Sindicatos, dentro da súa labor de formación e capacitación permanente do persoal, ou os impartidos polo Concello dentro da súa labor de formación continua, ben directamente ou a través de empresas ou organismos autorizados, sempre que o certificado de asistencia o expida o Concello e estean relacionados coas funcións do posto ó que se aspira

- Por cada curso de 60 horas de duración ou no seu defecto 10 xornadas como mínimo: 0,60 puntos.
- Por cada curso entre 30 e 59 horas de duración ou no seu defecto de 5 a 9 xornadas como mínimo: 0,40 puntos.
- Por cada curso entre 10 e 29 horas de duración ou no seu defecto entre 2 e 4 xornadas: 0,20 puntos.
- Por cada curso no que non se especifique a duración, 0,10 puntos.
- Por xornadas e seminarios, con independencia da súa duración : 0,10 puntos

A puntuación máxima por este apartado non poderá exceder de 3 puntos.

B) Méritos específicos : Consonte ó disposto nos artigos 44.a) e 45 do Rd 364/95, de 10 de marzo, e en función da especificidade técnica das funcións dos postos ofertados, contémpranse os seguintes :

1. Titulacións académicas

- a) Por estar en posesión de titulación superior á esixida para o desempeño do posto, sempre que garde relación co contido do mesmo: 2 puntos.

- b) Por estar en posesión doutras titulacións do mesmo grupo de titulación, excluída a que serviu para obte-la que se alega como mérito, sempre que teña relación directa coas funcións do posto: 0,5 puntos, ata un máximo de 1 punto.

2. Coñecemento do idioma galego.

- Por supera-lo curso/validación de iniciación: 0,50 puntos.
- Por supera-lo curso/validación de perfeccionamento ou curso básico de linguaxe xurídico-administrativa, 1 punto.
- Por supera-lo curso medio de linguaxe xurídico-administrativa, 2 puntos.
- Por supera-lo curso superior de linguaxe xurídico-administrativa, 3 puntos.

Puntuarase só o superior alegado e xustificado como mérito.

Ó/Á aspirante que non acredite estar en posesión de ningún curso deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Xunta de Galicia, a fin de obte-la debida capacitación.

3. Fase de entrevista: de 0 a 6 puntos.

En atención á especificidade técnica do posto a cubrir, prevese a celebración dunha entrevista, que terá por obxecto comprobar e avaliar a formación e experiencia do candidato en relación ás materias específicas que configuran o contido do posto ofertado, tal e como a continuación se describen:

- Tramitación administrativa e contable da contratación administrativa, en particular o control de Pregos de cláusulas administrativas e dos procedementos de adxudicación.
- Procedementos de auditoría de contas e control financeiro no ámbito do control interno.
- Auditorías específicas de sistemas e procedementos en materia de subvencións.
- Organización administrativa, elaboración de guías o manuais de xestión de procedementos, de contratación ou control
- Control da execución presupostaria de ingresos e gastos.

Os empates dirimiranse en función da puntuación outorgada ós méritos enunciados, pola orde establecida. De persisti-lo empate acudirase á data de ingreso como funcionario de carreira no Corpo ou Escala dende o que se concursa e, no seu defecto, ó número obtido no proceso selectivo.

Sexto: Comisión de Valoración

A comisión de Valoración estará integrada por tres representantes designados pola Corporación e tres do órgano de representación unitaria do persoal con titulación igual ou superior á esixida para o acceso ó posto, e presidida polo Alcalde ou concelleiro en quen delegue.

Será secretario o da Corporación ou técnico de administración xeral que designe o Alcalde e participará como asesor o xefe do servizo ou técnico cualificado, ámbolos dous con voz e sen voto.

Xunto cos titulares da comisión deberán designarse ós correspondentes suplentes.

A Comisión someterá ó Organismo municipal competente a correspondente proposta, que será vinculante sempre que se axuste a dereito.

A actuación das Comisións rexerá polo previsto na Lei de procedemento administrativo en relación co funcionamento dos órganos colexiados.

Sétimo : Procedemento de valoración

As solicitudes, xunto coa documentación acreditativa dos méritos valorables -excluíndo aqueles nos que a acreditación corresponde ó Concello, que o fará de oficio, sempre que o aspirante alegue o mérito na súa instancia-, presentaranse en impreso normalizado que se encontrará a disposición dos interesados na Oficina de Información e irán dirixidas ó Ilmo. Sr. alcalde.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles a partir da publicación do Anuncio no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa exposición no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello.

Rematando o citado prazo, e previamente ó inicio das valoracións pola Comisión, expóñase no Taboleiro de Edictos a lista de admitidos e excluídos cos motivos da exclusión, para que os interesados poidan promover as reclamacións pertinentes no prazo de 4 días hábiles, as que serán resoltas no mesmo prazo.

Concluídas as valoracións, publicarase a lista provisional de aspirantes por orde de puntuación no taboleiro de Edictos da Casa do Concello, conferíndose audiencia ós interesados e dándoselles vista do expediente para que no prazo de 4 días hábiles efectúen as alegacións que estimen oportunas, que serán resoltas motivadamente pola Comisión en igual prazo.

Resoltas as reclamacións, se as houbera e, en caso contrario, rematado o prazo dos 4 días, a Comisión de Valoración elevará a lista definitiva proponendo ó Concello os nomeamentos para os postos dos candidatos que obtivesen a maior puntuación, e a súa proposta será vinculante.

O prazo máximo para a resolución do concurso será dun mes e o seu resultado publicárase da mesma forma que a convocatoria.

Oitavo : Forma de presentación da documentación.

Os/as aspirantes deberán presentar, xunto coa solicitude e, en todo caso, antes da finalización do prazo de presentación de instancias, a documentación acreditativa dos méritos que aleguen dos establecidos no correspondente baremo, a través de orixinal ou copia compulsada.

Para a xustificación dos méritos o/a aspirante que deba achegar documentación procedente doutros organismos oficiais que non lla facilitasen antes da finalización do prazo de presentación de instancias, deberá aportar no devandito prazo a correspondente solicitude ou copia compulsada, xunto cunha declaración comprometéndose a presentala nos dous días seguintes a aquel no que lle fose expedida. En todo caso non procederá a súa valoración senón fose achegada antes da data de celebración da sesión de valoración do concurso.

A Comisión poderá solicitar que se complete ou aclare a documentación presentada para xustifica-los méritos alegados, pero non pedir nova documentación para acreditar méritos soamente alegados.

Como excepción se o mérito que se alega é ter prestados servicios no Concello de Vigo, bastará con face-lo constar en declaración xurada que se achegará xunto coa solicitude e na que figure a data ou datas de inicio e finalización dos servicios ó Concello e o departamento, servico ou unidade na que se prestaron. No caso contrario deberá achega-la correspondente certificación dos servicos prestados por parte do aspirante.

Noveno : Remoción do posto de traballo.

O candidato nomeado podará ser removidos do seu posto por causas sobrevidas, derivadas dunha alteración no contido do posto, realizada a través da relación de postos de traballo, que modifique os supostos que serviron de base á convocatoria, ou dunha falta de capacidade para o seu desempeño manifestada por un rendemento insuficiente que non comporte inhibición e que lle impida realizar con eficacia as funcións atribuídas ó posto,

Previamente á resolución, conferirase trámite de audiencia ó interesado e ó Comité de Persoal por un prazo de 10 días hábiles.

Os funcionarios removidos asignaráselle un destino provisional ata a celebración do seguinte Concurso de Traslados.

Décimo: prazo de toma de posesión: será de tres días hábiles, se o destino anterior radica na mesma localidade que a do novo destino, e dun mes, se radica en localidade distinta ou comporta o reingreso ó servico activo do/a funcionario/a. Este prazo empezaráse a contar a partir do día seguinte ó do

cesamento, que deberá producirse dentro dos cinco días hábiles seguintes ó da publicación da resolución no Boletín Oficial da Provincia.

Se a resolución comporta o reingreso ó servizo activo do funcionario/a, o prazo de toma de posesión comenza a contar dende o día seguinte ó da publicación da resolución.

Décimo primeiro: Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición perante a Xunta de Goberno local, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ó da súa publicación no BOP, ou poderán interpoñer directamente recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na lei 29 / 98, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso administrativa.

16(102).-CONTRATACIÓN LABORAL-TEMPORAL, POR PERÍODO DE TRES MESES, DE DOUS ADMINISTRATIVOS E DOUS AUXILIARES ADMINISTRATIVOS PARA O SERVIZO DE ADMÓN. DE TRIBUTOS. EXPTE. 15564/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 28.01.05, dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 20.01.05, que di o seguinte:

Antecedentes.

Con data 18 de xaneiro de 2005, a directora de Ingresos solicita a adscripción de dous auxiliares e dous administrativos xa que na actualidade a Administración de Tributos conta con unha dotación mínima insuficiente de persoal administrativo e técnico, o que leva a que nesta situación non é posible diluír as baixas de enfermidade, maternidade e mesmo as vacacións regulamentarias sen que se afecte de forma grave á xestión de ingresos e, en particular, á atención ós contribuíntes en ventanilla.

Dende finais do exercicio de 2003, sucedéronse varias baixas de longa duración de persoal con responsabilidade (tres xefas de negociado), así como outras dúas baixas por maternidade de persoal administrativo, que veñen impedindo organiza-las vacacións regulamentarias de forma en que en períodos puntas de traballo estean tódolos funcionarios.

Así mesmo a xestión da taxa de lixo vivendas e IBI do ano 2004 presentou unha problemática especial pola incorporación de 14.000 unidades urbanas por primeira vez nese ano. Quedan pendentes de resolución gran cantidade de recursos, así como a realización de 5.000 liquidacións de I.B.I. correspondentes o ano 2004, que deben ser realizadas antes de finalizar o primeiro trimestre do presente ano 2005.

Nas Bases da derradeira oferta de emprego público correspondente ó ano 2002 (BOP de 5 de maio de 2003), recentemente executada, preveíase expresamente na Base xeral “outras disposicións comúns”, a posibilidade de confeccionar unha lista de substitucións cos aspirantes que, non superando a oposición, tivesen aprobado os distintos exercicios de que constou aquela.

Por resolución da Alcaldía-Presidencia, de data 12 de febreiro de 2004, en execución do acordo da Xunta de Goberno Local, de 9 de febreiro anterior, resolveuse o nomeamento interino de sete auxiliares de administración xeral, polo que neste intre a referida lista atópase esgotada.

Asi mesmo non existe lista de substitucións de persoal con categoría de administrativo, toda vez que ás tres candidatas que superaron os exercicios da oposición convocada en execución dos acordos da Xunta de Goberno Local de datas 24 de maio e 14 de xuño do pasado ano, xa foron nomeadas interinamente por acordos da Xunta de Goberno Local de datas 14 de xuño, 11 de outubro e 22 de novembro de 2004, polo que neste intre a referida lista tamén se atopa esgotada.

Consecuentemente, resulta preciso artellar un proceso de cubrición áxil que permita, coa debida urxencia, a formalización das contratacións laborais propostas.

Fundamentos legais.

De conformidade co disposto no artigo 9.2 da lei 4188, de 26 de maio da Función pública de Galicia, a selección de persoal laboral efectuarase de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso ou concurso-oposición libre.

Nembargantes, e consonte ó paragrafo 3º do mesmo artigo poderase tamén contratar persoal laboral de carácter non permanente de conformidade coa lexislación laboral vixente, para a realización de traballos de carácter temporal e coxuntural por razóns de necesidade ou urxencia, debidamente motivadas.

Ó aveiro do disposto no artigo 35 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se establece o Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do estado, de aplicación supletoria para o persoal da Administración local (artigo 1.3), poderáse proceder á contratación de persoal laboral non permanente para a realización de traballos que non poidan ser atendidos por persoal laboral fixo.

O procedemento selectivo para a contratación de persoal laboral non permanente carece dunha regulamentación legal específica, non séndolle de aplicación os requisitos formais establecidos nos artigos 28 a 33 do RD 364/95, por canto se refiren exclusivamente á cubrición de postos reservados ó persoal laboral fixo de novo ingreso, esto e, aqueles que figuran incluídos no cadro de persoal (artigo 15.1.f) da Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública), e que deben formar parte da oferta de emprego público.

Nembargantes, o procedemento selectivo que ós efectos oportunos se aprobe polo órgano de contratación deberá ser respetuoso en todo caso cos principios de mérito e capacidade, tal e como dispón o artigo 35 do RD 364/95 .

Por esta razón, o artigo 249.1 da lei autonómica 5/97, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia, prevé que o proceso selectivo do persoal laboral será con carácter xeral o concurso, excepto nos casos de urxencia.

Asi mesmo, lei 56/03, de 16 de decembro, de emprego, configura ós servizos autonómicos de emprego, como un servizo público e gratuito, que terá como funcións, axudar ós traballadores ó encontro de emprego e ás empresas á contratación dos mesmos, todo elo a través dunha selección obxectiva daqueles candidatos que figuren inscritos no rexistro de ofertas de emprego.

A modalidade contractual que se considera oportuno elixir -contrato por acumulación de tarefas-, esta definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro), e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.

Entendese, por outra banda, amparada ésta contratación ó aveiro do disposto no artigo 20.2 da lei 2/2004, de 29 de decembro, de presupostos xerais do Estado para o ano 2005, xa que se trata de cubrir unha necesidade urxente nun servicio de recepción obrigatoria como a que nos ocupa.

Por todo iso, o funcionario que subscribe propón á Xunta de Goberno Local dicte a seguinte proposta de Resolución:

"Primeiro.- Solicitar do Servicio Galego de Colocación oferta xenérica de dous administrativos/as e de dous auxiliares administrativos/as, para que sexan remitidos vinte candidatos/as de cada unha das categorías solicitadas, que resposten ás seguintes características:

Titulación esixida: Administrativo/a (Bacharelato Superior, FP-2 ou equivalente) ; Auxiliar Administrativo/a (Graduado Escolar, FP-1 ou equivalente), sendo indispensable en ámbolosdous casos, posuir coñecementos de ofimática (Microsoft Office).

Segundo.- Que por una comisión de valoración composta polo concelleiro-delegado de Persoal ou concelleiro en quen delegue –que actuará como Presidente-, o xefe da Administración de Tributos, un/unha funcionario/a municipal designado polo Comité de Persoal (encadrado nunha praza de nivel de titulación, cando menos, igual que a do posto a desempeñar) e o Xefe da Unidade de Persoal ou técnico en quen delegue –que actuará como secretario-, propoña dous candidatos/as para cada categoría, co obxecto de formaliza-la contratación.

A tales efectos, o proceso de selección constará das seguintes probas:

ADMINISTRATIVO:

1ª Proba: Consistirá en contestar por escrito un cuestionario tipo test proposto pola Comisión de 20 preguntas con catro respostas alternativas relacionadas co temario do seguinte programa, no tempo que fixe o tribunal.

Tema 1.- Organización municipal. Competencias.

Tema 2.- Derechos y deberes de los funcionarios públicos locales. Derecho de sindicación. A Seguridade Social. O persoal laboral ó servicio das Entidades Locais. Réxime xurídico.

Tema 3.- Procedemento administrativo local. Concepto, Principios que lo inspiran. Actuaciones que comprende.

Tema 4.- O rexistro de documentos. Concepto. O rexistro de entrada e saída e o seu funcionamento nas Corporacións Locais. A presentación de instancias e documentos nas oficinas públicas. A informatización dos rexistros. Comunicaci3ns e notificacións.

Tema 5.- Facendas locais: clasificaci3n dos ingresos. Ordenanzas fiscais.. Os orzamentos locais.

2ª Proba: De carácter práctico sobre coñecementos de ofimática (Microsoft Office).

Ambalas dúas probas avaliaránse de cero a dez puntos, tendo carácter excluintes se o/a candidato/a non obten un mínimo de cinco puntos en cada unha delas.

AUXILIAR ADMINISTRATIVO: O proceso de selección constará dunha proba práctica sobre coñecementos de ofimática (Microsoft Office), que se avaliará de cero a dez puntos, tendo esta proba carácter excluinte se o/a candidato/a non obten un mínimo de cinco puntos.

A comisión propondrá para a contratación ós/ás candidatos/as que resulten seleccionados por orde de puntuación.

Terceiro.- Que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización dos correspondentes contratos ós candidatos/as propostos pola citada Comisión, sendo éstos/as contratados/as baixo a modalidade contractual -contrato por acumulación de tarefas-, que está definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(103).- MODIFICACIÓN PUNTUAL DO ESTUDIO DE DETALLE DA U.E. IV-02 PALENCIA PARA CONSTRUCCIÓN DE ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL. APROBACIÓN INICIAL. EXPTE 9456/411.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admon. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 21.01.05, conformado polo xerente da Xerencia de Urbanismo, que di o seguinte:

I.1. En data 04.11.1986 o Pleno da Corporación aprobou definitivamente (BOP nº 286, do 12.12.1986) o «Estudio de Detalle da mazá comprendida entre as rúas Palencia, Avda. de Ronda, Burgos e Sagunto», recollido posteriormente no PXOU-93 como actuación incorporada coa denominación: ED IV-02 PALENCIA (p.19-25/19-26). Nel ordenáronse os volumes e localizouse unha superficie de cesión para uso escolar na zona Leste, da que unha parte adicouse a uso de escola infantil e o resto a zona libre, actualmente destinada a aparcadoiro relacionado co CEIP do Calvario.

I.2. A Concellería municipal de Educación iniciou en setembro de 2004 expediente de contratación para a construción dunha escola infantil municipal na rúa Palencia (exp. nº 6234/332), adxudicándose por acordo da Xunta de Goberno Local do 15.11.2004 a contratación da asistencia técnica para a redacción do proxecto básico e de execución ó arquitecto D. Alberto Cominges Molíns. No proxecto por el presentado, o edificio que se pretende construír resolve as necesidades derivadas do uso (escola infantil) nun edificio en planta baixa.

I.3. Mediante escrito asinado polo Sr. concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais en data 07.12.2004, solicítase a modificación do ED IV-02 PALENCIA que posibilite -conforme co proxecto redactado- a construción da escola infantil municipal nunha soa planta, tendo en conta a conveniencia de evitar as escaleiras interiores neste tipo de dotacións. Xúntase, ademáis, informe técnico da xefa do servizo municipal de Educación, do 17.12.2004, no que se recomenda a supresión das prazas de aparcadoiro interiores á parcela da gardería que plantexaba o ED aprobado en 1986, con base nos argumentos que no seu informe se detallan (seguridade, redución do espazo para uso educativo, etc.).

I.4. Atendendo á anterior solicitude, pola Oficina de Planeamento-Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU) procedeuse á elaboración da documentación técnica da «Modificación puntual do ED IV-02 PALENCIA», comprensiva de Memoria xustificativa (con anexo fotográfico e relación de propietarios catastrais) e planos; documentación asinada con data 20.12.2004 polo arquitecto-xefe da Oficina de Planeamento-Xestión e o arquitecto adscrito daquela a esa mesma Oficina, Sr. Álvarez Arines (exp. nº 9456/411)..

I.5. O 17.01.2005 remítese o expediente incoado ó técnico que abaixo asina, para que se emita o informe-proposta que en Dereito proceda.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia; modificada por L.15/2004, do 29 de decembro).
- LRSV (L.6/1998, do 13 de abril, sobre Réxime do solo e Valoracións).
- RPU (RD.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento Urbanístico).
- PXOU-93 (Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo; A.D. Consello da Xunta 29.04.2003; DOG 10.05.1993; normas urbanísticas, BOP nº 133, 14.07.1993).
- LMMGL (L.57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno local).

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. No PXOU-93 os terreos do ámbito da delimitación están clasificados como solo urbano; en parte incluídos no ED IV-02 PALENCIA e noutra parte en ordenanza 3.3. de Zonas culturais e sociais.

III.2. De acordo coa Memoria xustificativa redactada, o obxecto desta modificación do ED IV-02 PALENCIA consiste en completar as aliñacións e ordenar os volumes edificables no seu ámbito, finalidades que son propias dos ED a teor do previsto nos artigos 73.1.a] e b] da LOUGA e no RPU.

III.3. Tendo en conta as necesidades expresadas pola Concellería de Educación, os técnicos da Oficina de Planeamento-Xestión propoñen unha solución para a ordenación do ámbito consistente en:

a) Reubicar a superficie libre:

Mantéñense os 247'00 m², de superficie de espazo libre que actualmente están sen urbanizar, pero se sitúan na parte Sur do ámbito, a modo de patio da escola existente e da que se pretende construír.

b) Fixar aliñacións:

Fíxanse as aliñacións e recuamentos da nova edificación.

III.4. Canto á adecuación e congruencia desta modificación do ED coa revisión do PXOM, inicialmente aprobada en sesión plenaria do 30.12.2004, maniféstase expresamente polos técnicos que:

«...esta modificación de Estudio de Detalle é compatible e cumpre tanto o planeamento xeral de 1.993, en canto cualificaba o ámbito coa ordenanza 3.3. de usos culturais e sociais e en parte remitía ó Estudio de Detalle que agora se modifica, así como o plan xeral resultante da revisión que se vai aprobar inicialmente que cualifica toda a parcela dotacional como equipamento escolar, como pode comprobarse no plano 02.»

III.5. En conclusión e de acordo co anterior, esta modificación satisfaría as esixencias do interese público municipal, adecúase o planeamento xeral, encaixa dentro dos obxectivos legais dos ED e non incorre en ningunha das prohibicións expresadas para esta clase de instrumentos no Art. 73.2] da LOUGA.

III.6. Canto ó procedemento a seguir, segundo o disposto no Art. 86.2 da LOUGA os ED serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente (Xunta de Goberno Local: Art. 127.1.d] LRBRL) e sometidos a

información pública polo prazo mínimo de 20 días mediante anuncio que se publicará no DOG e nun dos xornais de maior circulación na provincia. Á vista do resultado da información pública, o órgano municipal ha aprobalos definitivamente coas modificacións que resulten pertinentes.

IV. PROPOSTA

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, por proposta do Consello de Xerencia da XMU, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a modificación do Estudio de Detalle IV-02 PALENCIA (exp. nº 9456/411) conforme á documentación elaborada pola Oficina de Planeamento-Xestión, por solicitude da Concellería delegada de Asuntos Sociais, coa finalidade de posibilitar a construción dunha escola infantil municipal na rúa Palencia de acordo co proxecto redactado e as indicacións da concellería de Educación.

SEGUNDO: Abrir un trámite de información pública polo prazo de 20 días hábiles, mediante publicación de anuncios no DOG e nun dos xornais de maior circulación da provincia.

TERCEIRO: Notificar este acordo ós propietarios do ámbito e demais interesados na forma prevista legalmente (Arts. 58-59 LRX-PAC)».

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(104).- PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO PERI DA U.A. 3 CASAS. APROBACIÓN INICIAL. EXPTE. 4546/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta o informe-proposta do técnico de Admon. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 21.01.05, que di o seguinte:

1º.- En data 26/11/2001 o Pleno do Concello acordou aprobar definitivamente o Plan Especial de Reforma Interior da Unidade de Actuación 3 "Casás" (expt. 5195/411, BOP núm. 29, do 11/02/2002).

No Apto. "Cuarto" dese Acordo dispúxose que:

"De conformidade cos artigos 25.3 e 68 do Regulamento de xestión urbanística e o apartado 3.2.3.5.b), in fine, das normas urbanísticas do vixente PXOU de Vigo a conservación das zonas verdes de nova creación polo plan especial, corresponderá ós propietarios do polígono que deberán constituirse en entidade de conservación".

2º.- No día 21/09/2004 o representante da Xunta de Compensación dese polígono interpuxo na Xerencia de Urbanismo solicitude de tramitación e aprobación do correspondente Proxecto de Urbanización. Dita solicitude e documentación inicial foi completada -previo requirimento dos servizos municipais- por outra posterior presentada nos días 15/10/2004 e 10/12/2004.

Nos días 18/10/2004 e 11/11/2004 o enxeñeiro industrial da oficina municipal de Servizos Electro-Mecánicos emitiu Informe sobre as redes de gas e alumeado público do proxecto. No 17/11/2004 o enxeñeiro da oficina municipal de Montes, Parques e Xardíns emitiu Informe favorable.

En data 20/01/2005 o enxeñeiro técnico municipal de obras públicas emitiu Informe favorable. Nél manifestou, entroutros extremos, o seguinte:

"A los efectos fiscales que corresponda, el Presupuesto de Ejecución Material asciende a la cantidad 295.589,67 Euros por lo que de acuerdo con el apartado 3.8.1.2.i de las vigentes NN. UU., deberán presentar aval por el 100 % a la aprobación definitiva. El Proyecto consiste en la regularización de la sección transversal de los caminos Pedras Brancas y Castro, con las previsiones del PGOU, y la apertura de dos viales del nivel jerárquico inferior en la trama urbana y que sirven a las viviendas futuras. Uno conecta los dos caminos antes citados, y el otro se plantea en fondo de saco. Incorpora una pequeña zona verde, tal y como se definen en el planeamiento que desarrolla. Se ha recomendado, y así se recoge en este documento, la colocación subterránea de los contenedores de basuras. El Proyecto contiene las obras necesarias para la implantación de los servicios urbanísticos habituales. El ámbito de este proyecto, está recogido en el nuevo PGOM en tramitación, como API-55. El Proyecto cumple con las vigentes NN.UU., con los artículos 67 al 70 del RPU, y con el Decreto 35/2000 de accesibilidad. El inicio de las obras será puesto en conocimiento del Coordinador del Area de Servicios para efectuar un seguimiento de estas y coordinar los diversos departamentos municipales que hayan de tener competencias una vez sean entregadas al Ayuntamiento. Al solicitar la recepción de las mismas, se facilitará lo realmente ejecutado en soporte informático. La Dirección facultativa de las obras estará obligada a entregar a la inspección municipal de las obras, aquellos ensayos y/o documentos que avalen la idoneidad de las unidades de obra que por aquella fuesen considerados necesarios, conforme al articulado del Pliego de Prescripciones Técnicas. El acuerdo de aprobación inicial, así como el inicio del periodo de exposición pública se notificará al Coordinador del Área de Servicios y a las empresas Unión Fenosa, Aqualia, y a las de comunicaciones Telefónica y R".

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Este procedemento debe tramitarse consonte co disposto no art. 110.4 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA).

Tal e como se deduce dos Informes técnicos obrantes no expediente, o Proxecto axústase ó preceptuado no art. 110 LOUGA, no que se especifica que: "Os Proxectos de Urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executa-los servizos e dotacións establecidos no planeamento. (...) non poderán modifica-las previsións do planeamento que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectua-las adaptacións esixidas pola execución material das obras". Así mesmo, tamén cumpre o disposto no Decreto 35/2000 do 28 de xaneiro, de Supresión de Barreiras Arquitectónicas.

De conformidade co disposto no apdo. 8.8.11.i) PXOU-93 (páx. 78 BOP nº 133 do 14/07/93), no Informe do Enxeñeiro Técnico Municipal de Obras Públicas antes citado e no art. 20.2 LOUGA, para poder solicitar Licenza de Obras antes da finalización e recepción definitiva da urbanización, deberá constituírse a correspondente fianza ou aval por importe de 259.589,67 euros.

Así mesmo, a aprobación definitiva deste Proxecto de Urbanización require da previa ou simultánea aprobación do Proxecto de Compensación do polígono, consonte esixe o art. 20.1.d) LOUGA.

Por último, no momento de recepción das obras de urbanización, deberá constituírse unha entidade urbanística de conservación (art. 110 LOUGA), tal e como se dispón no vixente PXOU-93 e no PERI aprobado.

É competente para adopta-lo Acordo que agora se propón, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co preceptuado no art. 127.1.d) LBRL.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, previo dictame do Consello da Xerencia de Urbanismo, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o Proxecto de Urbanización do PERI da UA 3 Casás (S. Andrés de Comesaña), promovido pola Xunta de Compensación dese polígono, redactado polo enxeñeiro de camiños D. Alberto Moreno García, visado nos días 13/09/2004, 09/12/2004 e 15/12/2004 (Expte. 4546/401).

SEGUNDO: Abrir un trámite de información pública polo prazo de vinte días hábiles, mediante publicación de anuncios no BOP e nun diario dos de maior circulación na Provincia. Notifíquese o contido íntegro deste Acordo á Xunta de Compensación e ós propietarios do polígono, ás entidades concesionarias de servizos públicos, infraestruturas de telecomunicacións, coordinador municipal da área de servizos, limpeza e equipo redactor do novo Plan Xeral.

Acordo:

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(105).- RECEPCIÓN DE OBRAS ORDINARIAS NA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, ENTRE TORRECEDEIRA E MARQUÉS DE VALTERRA. EXPTE. 4435/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta o informe-proposta do técnico de Admon. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 21.01.05, que di o seguinte:

En data 20/03/2003 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou: "(...) Aproba-lo proxecto de obras complementarias de urbanización que desenvolve as previsións contidas no PXOU de Vigo sobre o tramo da rúa Juan Ramón Jiménez, comprendido entre a rúa Marqués de Valterra e a rúa Conde de Torrecedeira (exp. 4435/401), de iniciativa municipal (...)", cun presuposto de execución de 102.070,71 euros, -BOP 73, do 15/04/2003-.

No 04/06/2003 a delegada provincial da Consellería de Cultura resolveu autorizar as devanditas obras, coa obriga de realizar catas arqueolóxicas antes do seu inicio.

No 11/03/2004 o Consello da Xerencia de Urbanismo acordou: "Adxudicar o contrato de asistencia técnica para a realización dos traballos de escavación arqueolóxico, na obra de urbanización da rúa Juan Ramón Jiménez, a 'Anta de Moura, SL', polo prezo de 40.782 euros (IVE incluído) e cun prazo de execución de 35 días naturais".

No 18/03/2004 o Consello da Xerencia de Urbanismo acordou: "Adxudicar o contrato de obra de urbanización da rúa Juan Ramón Jiménez, entre as rúas Conde de Torrecedeira e Marqués de Valterra a 'Xestión Ambiental de Contratadas SL' polo prezo de 85.595,91 euros (IVE incluído) e cun prazo de execución de nove semanas".

En data 02/06/2004 o Director Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia acordou autoriza-lo proxecto de escavación arqueolóxica do devandito ámbito.

Nos días 18/11/2004 e 22/12/2004 o enxeñeiro técnico municipal de obras públicas emitiu senllos Informes sobre a variación parcial do presuposto de execución da obra por motivos sobrevidos.

En data 22/12/2004 os representantes municipais e o da entidade executora das devanditas obras, asinaron a correspondente Acta de Recepción, manifestándose nela que:

"Procedeuse ó recoñecemento das citadas obras (...). As obras foron executadas conforme ó proxecto e atópanse en perfecto estado de conservación e funcionamento".

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas aprobado por RDLex. 2/2000, do 16 de xuño (TRLCAP), regula a recepción das obras no seu artigo 147, que se desenvolve nos artigos 163 e seguintes do Regulamento xeral da Lei de contratos, aprobado por RD 1098/2001, de 12 de outubro (RC).

Consonte co disposto nesa normativa, a Recepción das Obras xa se efectuou co asinamento da Acta de recepción no día 22 de decembro de 2004. A remisión do expediente á Xunta de Goberno Local terá unha mera finalidade de "dación de conta" ou "ratificación".

Rexerán os prazos de garantía e responsabilidade por vicios ocultos establecidos na normativa de contratación citada e nos demais preceptos que resulten de aplicación.

É competente para adopta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127.1 LBRL.

En virtude do exposto, proponse ó Consello, para que á súa vez lle propoña á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Ratifica-la Acta de Recepción das obras do proxecto de obras ordinarias na Rúa Juan Ramón Jiménez, entre Torrecedeira e Marqués de Valterra, outorgada no día 22/12/2004 (expte. 4435/401).

SEGUNDO: Notifíquese este Acordo ós interesados, coa advertencia de que contra él cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Notifíquese tamén ás oficinas municipais de servizos centrais, licenzas, vías e obras, electromecánicos, montes parques e xardíns, limpeza, patrimonio e contratación, estatística e cultura, valedor do cidadán, e á concesionaria "Aqualia".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(106).- RECEPCIÓN DE OBRAS COMPLEMENTARIAS DE URBANIZACIÓN NA U.A. ROUPEIRO. EXPTE. 4525/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamiento de Xestión, do 21.01.05, que di o seguinte:

En data 19/07/2004 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aprobar definitivamente o proxecto de obras complementarias-acondicionamento en superficie da rúa Roupeiro, redactado polo arquitecto D. Alberto Iglesias Álvarez, visado polo COAG no 04/06/2004 (expte. 4525/401).

No 17/12/2004 o representante da Xunta de Compensación da UA GB 27-33 Roupeiro presentou un escrito nesta Administración municipal no que solicitou a recepción definitiva das devanditas obras.

No día 19/01/2005 o enxeñeiro técnico municipal de obras públicas emitiu Informe favorable á recepción das referidas obras.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O art. 110.5 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA) dispón que: "A recepción polo concello das obras de urbanización en execución do planeamento rexerese polo disposto na lexislación de contratos das administracións públicas".

O art. 147.1 RDLex. 2/2000, do 16 de xuño, aprobatorio do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas preceptúa que:

"1.- No tempo de recepción das obras trala súa terminación e ós efectos establecidos no artigo 110.2, concurrirá un facultativo designado pola Administración, representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo (...). 2.- Se as obras atópanse en bo estado e axustadas ás prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e o representante desta daraas por recibidas, levantándose a correspondente acta e comenzando entón o prazo de garantía (...) 3.- O prazo de garantía (...) non poderá ser inferior a un ano".

Neste caso, o citado Informe do enxeñeiro municipal do 19/01/2005 pode considerarse equivalente á acta de recepción das obras, aínda que pendente da súa ratificación polo órgano municipal competente.

Rexerán os prazos de garantía e responsabilidade por vicios ocultos establecidos na normativa de contratación citada e nos demais preceptos que resulten de aplicación.

É competente para adopta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127.1.d) LBRL.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a fin de que, previo dictame da Xerencia de Urbanismo, adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobala recepción das obras complementarias de urbanización na UA Roupeiro (expte. 4525/401).

SEGUNDO: A cancelación dos avais constituídos con motivo destas obras de urbanización, requirirá do transcurso previo do prazo de garantía dun ano dende a data de emisión deste Acordo.

TERCEIRO: Notifíquese este Acordo ós servizos municipais de Vías e Obras, Patrimonio e Contratación, Estatística, Cultura, Parques e Xardíns, Limpeza, Electromecánicos, Licenzas e Aqualia. Notifíquese tamén o seu contido íntegro ós interesados, coa indicación de que contra él cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o

Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Practicadas as notificacións, remítase o expediente á oficina de Licenzas.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe

21(107).- PROXECTO DE EXPROPIACIÓN DA RÚA GANDARÓN (VIAIS INDUSTRIAIS DE LAVADORES). EXPTE. 152/413.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 03.02.05, que di o seguinte:

En data do 6 de xuño de 2003, o Pleno do Concello de Vigo acordou aprobar definitivamente a declaración de utilidade pública e necesidade de ocupación dos concretos bens e dereitos afectados polo ensanche e mellora da rúa Gandarón, entre a Avenida de Madrid e a R/Alcalde Lavadores (expte. 152/413), incluído no Convenio asinado entre esta Administración municipal e a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia en data do 30 de febreiro de 2000.

O Consello da Xunta de Galicia, mediante Decreto núm. 391/2003, do 10 de outubro, declarou a urxente ocupación a efectos de expropiación forzosa dos bens e dereitos afectados polo devandito proxecto.

As actas de ocupación e o pago ou consignación dos depósitos previos, e indemnizacións por urxente ocupación efectuáronse en data do 27 de outubro de 2004.

No citado convenio asinado en data do 30 de febreiro de 2000 coa Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia dispúxose que a Administración autonómica executaríase os devanditos viais, previa posta a disposición dos terreos polo Concello.

Visto o artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, así como o artigo 5.e) dos estatutos polos que se rexe a Xerencia municipal de Urbanismo, e o artigo 127 da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo

Primeiro.- Pór a disposición da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia os terreos necesarios para a execución das obras de ensanche e mellora da rúa Gandarón.

Segundo.- Dar traslado do acordo íntegro adoptado á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

22(108).- PROXECTO DE EXPROPIACIÓN DA RÚA MANUEL ALVAREZ (VIAIS INDUSTRIAIS DE LAVADORES). EXPTE. 147/413.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, 03.02.05, que di o seguinte:

En data do 6 de xuño de 2003, o Pleno do Concello de Vigo acordou aprobar definitivamente a declaración de utilidade pública e necesidade de ocupación dos concretos bens e dereitos afectados polo ensanche e mellora da rúa Manuel Álvarez, entre a rúa Ramón Nieto e a estrada vella de Madrid (expte. 147/413), incluído no Convenio asinado entre esta Administración municipal e a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia en data do 30 de febreiro de 2000.

O Consello da Xunta de Galicia, mediante Decreto núm. 424/2003, do 20 de novembro, declarou a urxente ocupación a efectos de expropiación forzosa dos bens e dereitos afectados polo devandito proxecto.

As actas de ocupación e o pago ou consignación dos depósitos previos, e indemnizacións por urxente ocupación efectuáronse en data do 26 de outubro de 2004.

No citado convenio asinado en data do 30 de febreiro de 2000 coa Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia dispúxose que a Administración autonómica executaríase os devanditos viais, previa posta a disposición dos terreos polo Concello.

Visto o artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, así como o artigo 5.e) dos estatutos polos que se rexe a Xerencia municipal de Urbanismo, e o artigo 127 da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Pór a disposición da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia os terreos necesarios para a execución das obras de ensanche e mellora da rúa Manuel Álvarez.

Segundo.- Dar traslado do acordo íntegro adoptado á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

23(109).- DEVOLUCIÓN FIANZA A MANUEL LORENZO MURADAS, S.A. POR OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA CUN VALADO DE OBRA NA TRAVESÍA DE VIGO, 128. EXPTE 20688/511.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 26.01.05, conformado polo concelleiro delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

Con data 03 de outubro de 2001, autorizouse a MANUEL LORENZO MURADAS, S.A. con núm. de expdte. 33784-250, a ocupación da vía pública cun valado de obra de 31,30 m2 na Travesía de Vigo, 128 esquina Calexón do Viso, constituindo unha fianza de 160.000.- ptas. (961,62 €), con número de mandamento de ingreso 200100048195 de data 02-10-2001.

Con data 30 de decembro de 2004, o departamento de Administración de Tributos, (Tributos Especiais), indica que xa tomou nota da Baixa da ocupación da vía pública, con efectos de 30 de novembro de 2004.

Na inspección feita con data 24 de xaneiro de 2005, comprobouse que o valado foi retirado da vía pública e o pavimento quedou en perfectas condicións.

Polo que se PROPON:

Proceder á devolución da fianza de 160.000.- ptas (961,62 euros), a favor de MANUEL LORENZO MURADAS, S.A.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

24(110).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE, DEPORTES E VOLUNTARIADO PARA O FOMENTO E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE VOLUNTARIADO DURANTE O ANO 2005. EXPTE 77/322

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Oficina municipal de Voluntariado, do 2.02.05, que di o seguinte:

A Oficina Municipal de Voluntariado ven contando con financiación da Consellería de Xuventude, Familia, Deporte e Voluntariado a través da Dirección Xeral de Voluntariado. No ano 2004 a OMV recibiu financiación por importe de 20.000 € vía convenio de colaboración coa devandita Consellería para o desenvolvemento de accións integradas no programa municipal de voluntariado.

En data 7 de xaneiro deste ano publícase no DOGA orde do 28 de decembro de 2004 pola que se regulan as bases que rexen as subvencións dirixidas ós concellos para o fomento e realización de actividades desenvolvidas nos ámbitos de actuación definidos no Plan galego de voluntariado 2002-2005 en nas áreas de actuación da Lei 3/2000, de 22 de decembro do voluntariado de Galicia. (Achegase convocatoria ao presente expediente).

O Concello de Vigo a través da OMV opta á devandita subvención para posibilitar a posta en marcha, execución ou potenciación das accións integradas no programa municipal de voluntariado, integrado polos proxectos/programas que se relacionan a continuación, tendo como prazo límite, segundo as bases establecidas, 40 días naturais contados a partir do día seguinte ó da publicación da convocatoria no referenciado DOGA.

Programa Municipal de Voluntariado (descricións das accións en documento anexo)

- 1. Potenciación da Oficina Municipal de Voluntariado.*
- 2. Voluntariado en Hospitais, Centros da Terceira Idade, Institucións Penitenciarias e Centros de Menores.*
- 3. Estatísticas, estudos e Investigación sobre o voluntariado.*
- 4. Voluntarios para apoio na realización de actividades en Onl,s.*
- 5. Formación de Voluntarios/as.*
- 6. Voluntarios/ as en Acompañamento.*
- 7. Campaña de Sensibilización do Voluntariado.*
- 8. Voluntariado Medioambiental: Recuperación das dunas das Praias de Argazada e Fontañá.*
- 9. Campaña Informativa do voluntariado a través dun Portal Interactivo en Internet.*
- 10. "Educar na Solidariedade".*
- 11. Programa Informático de Xestión de Voluntariado.*

Atendendo ao exposto, solicítase a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Autorización para a presentación dos proxectos/programas que integran o Programa Municipal de Voluntariado co fin de optar á subvención, segundo a convocatoria da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado publicada no DOGA de data 7 de xaneiro de 2004, dirixidas ós Concellos e mancomunidades municipais para o fomento e realización de actividades de voluntariado.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.ç

25(111).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE, DEPORTES E VOLUNTARIADO PARA ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á XUVENTUDE, PROMOCIÓN DA INFORMACIÓN XUVENIL E PARA A INCORPORACIÓN DA XUVENTUDE ÁS NOVAS TECNOLOXÍAS.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 2.02.05, conformado pola concelleira delegada de Xuventude, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobar a proposta de subvencións da Concellería de Xuventude que se achega no expediente, dentro da recente “Convocatoria de subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a realización de actividades dirixidas á xuventude, para a promoción da información xuvenil e para a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías durante o ano 2005”, por importe total de 326.266,18€ do que se solicita unha subvención de 244.699,63 €.

2.- Facultar a Dna. Lucía Molares Pérez, como Concellera Delegada da Área de Xuventude para representar o Concello de Vigo na presentación das presentes propostas de subvención.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

26(112).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AOS MESES DE AGOSTO E DECEMBRO DE 2004. EXPTE. 15535/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 3.02.05, e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 26.01.05, conformado pola Excm. Alcaldesa, a Xunta de Goberno acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondentes aos meses de AGOSTO e DECEMBRO DE 2004, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará no nómina do vindeiro mes, ao persoal dos servizos que de seguido se indican:

- Servizo de Extinción de Incendios, relación que se achega no expediente e que comeza por don Manuel Aguirre Rodríguez e remata por don José B. Villaverde Veleiro, por un total de 1.456 horas.
- Montes, Parques e Xardíns, relación que se achega no expediente e que comeza por don Alfonso Alonso Rodríguez e remata por don Jorge G. Vulcano Ferreira, por un total e 786'00 horas.
- Policía Local, relación que se achega no expediente e que comeza por dona Dorinda Barciela Fernández e remata por don Juan Guillermo Vivero Mijares, por un total de 2.439'20 horas.
- Parque Móbil, relación que se achega no expediente e que comeza por don Miguel Angel Alonso Alonso e remata por don Alfonso Rodríguez Carrera, por un total de 154'70 horas.
- Conserxería, relación que se achega no expediente e que comezan por don Amando Diz Ocampo e remata por don Fernando Fernández Amil, por un total de 154'70 horas.
- Xerencia do Parque Central, relación que se achega no expediente e comeza por de don Roberto Mariño Sanromán e remata por don José Alfonso Pérez Fernández, por un total de 85'00 horas.
- Vías e Obras, relación que se achega no expediente e que comeza por don José Fernando Alonso Correa e remata por don José Vázquez de Francisco, por un total de 518'00 horas.
- Inspección Vías e Obras, relación que se achega no expediente e que comeza por don José Barciela Cea e remata por don Ricardo Lobato Cameselle, por un total de 143'00 horas.
- Alcaldía, relación que se achega no expediente e que comenza por don Basilio Costas Fernández e remata por don Cesareo Rocha Paramés, por un total de 122'00 horas.
- Mercado Progreso, relación que se achega no expediente e que comeza por don Manuel José Docampo Sotelo e remata por don Alfonso Sánchez Domínguez, por un total de 55'50 horas.

- O montante do presente expediente ascende a un total de 48.896'09 € (COARENTA E OITO MIL OITOCENTOS NOVENTA E SEIS EUROS CON NOVE CÉNTIMOS.)”

27(113).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DE VÍAS E OBRAS CORRESPONDENTE AO 2º E 4º TRIMESTRE DE 2004. EXPTE. 15554/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 27.01.05, e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 18.01.05, conformado pola Excma. Alcaldesa, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servicios prestados polo persoal de Vías e Obras que comeza por don Daniel Dominguez Alonso e remata por don Manuel Martínez González, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficiais conductores, as cantidades que figuran para cada un deles, por un importe total de 1.074'90 € (MIL SETENTA E CATRO EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS), correspondentes ó 1º, 2º e 4º trimestre de 2004 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

28(114).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DE D. ANGEL POSADA OITAVEN DO SERVIZO DE ELECTROMECÁNICOS CORRESPONDENTE AO 2º E 3º TRIMESTRE DE 2004. EXPTE. 15555/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 27.01.05, e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 18.01.04, conformado pola Excma. Alcaldesa, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servicios prestados por don Angel Posada Oitavén (nº persoal 14516) aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, por un importe total de 312 € (TRESCENTOS DOCE EUROS), correspondentes o 2º E 3º TRIMESTRE do ano 2004 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

29(115).-ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A SECRETARIA-CONCELLEIRA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Lucía Molarez Pérez.